

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-FP/2021

Exp.: 2021000000922

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO V CONCURSO “QUERO CANTAR” DE MÚSICA INFANTIL E XUVENIL

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista a resolución da presidencia núm. 6619, de 26 de febreiro de 2021 (modificada por resolución núm. 7325 de 2 de marzo de 2021), pola que se aproban as Bases do V Concurso “Quero Cantar” de música infantil e xuvenil.

Visto tamén que as citadas Bases foron publicadas no BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021.

RESOLVO:

1º. Aprobar a convocatoria do V Concurso “Quero Cantar” de música infantil e xuvenil, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por resolución do presidente núm. 6619, de 26 de febreiro de 2021(modificada por resolución núm. 7325 de 2 de marzo de 2021).

2º. A convocatoria rexerase polas Bases do concurso que foron publicadas no BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/03/04/2021_0000001750.html)

3º.O prazo iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará ás 14:00 horas do día 30 de setembro de 2021, tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación do premio realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.

4º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-FP/2021

Exp.: 2021000000922

ANEXO

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do V Concurso “Quero Cantar” de música infantil e xuvenil. O texto completo Bases do concurso pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderá participar calquera grupo ou solista que presente a maqueta dunha canción en galego, con letra e música orixinais e inéditas, que non fosen publicamente difundidas antes por ningún tipo de soporte nin canle.

Nesta edición especial de 2021 o concurso constará dunha única fase e convócase só a categoría xuvenil, de conformidade co disposto na base reguladora primeira:

Idade: de 13 a 16 anos

Número máximo de compoñentes: 12

Segundo. Obxecto

O obxecto da convocatoria é promocionar e difundir o uso da lingua galega e a creatividade poética e musical no ámbito da infancia e a adolescencia.

Atendendo á situación especial que vivimos actualmente, derivada da pandemia provocada pola Covid-19, nesta edición do concurso convócase unicamente a categoría xuvenil.

Terceiro. Bases reguladoras

A convocatoria rexerese polas Bases que foron publicadas no BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/03/04/2021_0000001750.html)

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 14.263,80 €, con cargo á partida 0612/3343/481 do Orzamento ordinario para 2021.

O premio para os dous grupos ou solistas seleccionados polo xurado consiste en:

- a) Participación no Programa Formativo Quero Cantar que se explica no anexo.
- b) Realización dun videoclip da canción realizada tras o programa formativo, con presentación e lanzamento promocionado desde as redes sociais do concurso.

Quinto. Cesión de dereitos



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-FP/2021

Exp.: 2021000000922

Os titulares das obras musicais presentadas, a través da aceptación das bases deste concurso, outorgan unha licenza non exclusiva, gratuíta e intransmisible nos termos establecidos na base reguladora sétima.

Os dereitos cedidos son o de reprodución, distribución, comunicación pública en todas as súas modalidades, incluída a de posta a disposición, e o dereito de sincronización.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás **14:00 horas do día 30 de setembro de 2021**.

Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del V Concurso “Quiero Cantar” de música infantil y juvenil. El texto completo de las Bases del concurso puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primero. Beneficiarios


Podrá participar cualquier grupo o solista que presente la maqueta de una canción en gallego, con letra y música originales e inéditas, que no fuesen públicamente difundidas antes por ningún tipo de soporte nin canal.

En esta edición especial de 2021 el concurso constará de una única fase y se convoca sólo la categoría juvenil, de conformidad con dispuesto en la base reguladora primera:

Edad: de 13 a 16 años

Número máximo de componentes: 12

Segundo. Objeto



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-FP/2021

Exp.: 2021000000922

El objeto de la convocatoria es promocionar y difundir el uso de la lengua gallega y la creatividad poética y musical en el ámbito de la infancia y la adolescencia.

Atendiendo a la situación especial que vivimos actualmente, derivada de la pandemia provocada por Covid-19, en esta edición del concurso se convoca unicamente la categoría juvenil.

Tercero. Bases reguladoras

La convocatoria se registrá por las Bases que fueron publicadas en el BOP núm. 42 de 4 de marzo de 2021 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/03/04/2021_0000001750.html)

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 14.263,80 €, con cargo a la partida 0612/3343/481 do presupuesto ordinario para 2021.

El premio para los dos grupos o solistas seleccionados por el jurado consiste en:

- a) Participación en el Programa Formativo Quiero Cantar que se explica en el anexo.
- b) Realización de un videoclip de la canción realizada tras el programa formativo, con presentación y lanzamiento promocionado desde las redes sociales del concurso.

Quinto. Cesión de derechos

Los titulares de las obras musicales presentadas, a través da aceptación de las bases de este concurso, otorgan una licencia no exclusiva, gratuita e intransmisible en los términos establecidos en la base reguladora séptima.

Los derechos cedidos son los de reproducción, distribución, comunicación pública en todas sus modalidades, incluida la de puesta a disposición, y el derecho de sincronización.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de la convocatoria en el BOP de A Coruña, y acabará a las **14:00 horas del día 30 de septiembre de 2021.**

Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>